

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, na súa condición de presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39.2. que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

Segundo. Que a Lei orgánica 2/2006 determina no artigo 42 bis.1 que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

Terceiro. Que a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional especifica no seu artigo 3.1.g) que o sistema de formación profesional se desenvolve, entre outros, conforme o principio de participación das empresas e dos axentes económicos e sociais no deseño, no desenvolvemento, na avaliación e na innovación da formación profesional, asegurando o circuíto de transferencia de coñecemento formación-empresa e o interese público.

Por outra banda, no seu artigo 6 establece os obxectivos do Sistema de Formación Profesional, entre os cales figuran:

- a) A posta a disposición das empresas e dos sectores produtivos dos perfís profesionais necesarios en cada momento, tendo en conta o carácter determinante, para a competitividade das empresas, da cualificación das persoas traballadoras, a súa flexibilidade, a rapidez de adaptación, a polivalencia e a transversalidade.
- b) O impulso da dimensión dual da formación profesional e dos seus vínculos co sistema produtivo nun marco de colaboración público-privada entre administracións, centros, empresas ou organismos equiparados, organizacións empresariais e sindicais, entidades e terceiro sector, para a creación conxunta de valor, o aliñamento dos obxectivos e proxectos estratéxicos comúns, a superación da fenda entre o urbano e o rural a través dunha adecuada adaptación territorial, e o uso eficaz dos recursos en contornas formativas e profesionais.

Así mesmo, no apartado 2 do artigo 55 establécese que o carácter dual da formación profesional, se desenvolverá mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou os organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación. No apartado 3 do mesmo artigo recóllese que as administracións promoverán a corresponsabilidade dos centros de formación profesional e as empresas ou organismos equiparados participantes na formación profesional.

Finalmente, o artigo 82 relativo á colaboración na formación profesional, establece no seu apartado 1 que as empresas ou os organismos equiparados, incluídas as administracións públicas, que contén coa capacidade precisa ao efecto e asuman a súa corresponsabilidade na formación de estudantes e persoas traballadoras, poderán participar en actividades formativas do Sistema de Formación Profesional. Nos artigos seguintes establécense os dereitos e as obrigas das empresas ou organismos equiparados, e o alcance da súa colaboración.

Cuarto. Que, de acordo co previsto no artigo 14.1. do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a dita consellería, a través da Dirección Xeral de Formación Profesional corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de formación profesional, incluída a súa ordenación educativa, así como da xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros que impartan formación profesional, todo iso en coordinación con outras consellerías con competencias na materia.

En particular, ao devandito centro directivo correspóndelle, entre outras, exercer as competencias e funcións: o desenvolvemento das estratexias de formación e orientación profesional, en coordinación e colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia (artigo 14.1.b)); e o fomento de relación entre os centros que imparten ofertas de formación profesional con empresas, organizacións e institucións para o desenvolvemento cooperativo das ofertas formativas duais e a formación de persoas formadoras (artigo 14.1. c)).

Quinto.- Que o Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A complexidade organizativa, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita a estudantes de diversos graos de formación sanitaria dual sanitarios e non sanitarios, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

Sexto.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 do 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Sétimo.- Que a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de Ordenación de Profesións Sanitarias prevé no seu artigo 11, relativo á "*Investigación e a docencia*", entre outros, que toda a estrutura asistencial do sistema sanitario estará en disposición de ser utilizada para a docencia dos profesionais e que as Administracións sanitarias, en coordinación coas Administracións educativas, promoverán as actividades de docencia en todos os centros Sanitarios, como elemento esencial para o progreso do sistema sanitario e dos seus profesionais.

Así mesmo, no artigo 12, da dita lei establece, entre outros principios reitores da actuación formativa e docente no ámbito das profesións sanitarias:

- a) A colaboración permanente entre os organismos das Administracións públicas competentes en materia de educación e de sanidade.
- b) A concertación das universidades e dos centros docentes de formación profesional e as institucións e centros sanitarios, a fin de garantir a docencia práctica dos ensinamentos que así o requiran.
- c) O establecemento, desenvolvemento e actualización de metodoloxías para a avaliación dos coñecementos adquiridos polos profesionais e do funcionamento do propio sistema de formación.

Pola súa parte, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, en materia de docencia, establece no artigo 125, entre outros principios xerais, que a Xunta de Galicia velará pola coordinación entre os sistemas sanitario, educativo e investigador de Galicia, a fin de conseguir unha maior adecuación da formación dos profesionais e as profesionais ás necesidades de saúde da poboación.

Xa no artigo 126 da dita lei, relativo á "*Colaboración en materia de educación e sanidade*", entre outros, dise que os centros de formación profesional da rama sanitaria contarán con centros asistenciais concertados, segundo as necesidades das distintas especialidades e de acordo con as necesidades organizativas do Sistema Público de Saúde de Galicia (apartado 3) e que as Consellerías competentes en materia de educación e sanidade promoverán a revisión e mellora continuada dos programas docentes dos ensinos relacionados coas ciencias da saúde, ao obxecto de conseguir a mellor adecuación da formación dos profesionais e as necesidades do Sistema Público de Saúde de Galicia. (apartado 4).

Oitavo.- Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina, no seu apartado 1, que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. No apartado 2, indícase que esta colaboración ten como finalidade, entre outras: a impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais. Finalmente, no apartado 3 da dita disposición establécese que a colaboración formalízase mediante convenio.

Noveno.- Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, segundo se recolle na súa parte expositiva, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Décimo.- Terá a consideración de formación profesional dual a actividade formativa inherente aos contratos para a formación en alternancia regulados artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, en cuxo apartado 2 prevese o contrato de formación en alternancia.

Undécimo.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Sanidade asinaron, o 17 de xaneiro de 2024, un acordo de colaboración para impulsar e potenciar a formación profesional no ámbito sanitario, en cuxa cláusula segunda establécese que "A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Sanidade impulsarán a formación dual como medio para avanzar na especialización dos profesionais que desenvolvan a súa actividade no ámbito sanitario.

Neste sentido, a Consellería de Sanidade participará activamente no establecemento de ofertas de formación dual, tanto no réxime xeral como no intensivo, nos ciclos formativos e cursos de especialización que mutuamente se determinen, coa posta a disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de prazas de formación para o alumnado no Servizo Galego de Saúde ou noutros organismos dependentes da Consellería de Sanidade.”

Duodécimo.- Que o Servizo Galego de Saúde está disposto a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos. A relación entre estas empresas e o alumnado será mediante contratos para a formación en alternancia regulados no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este acordo, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este acordo ten por obxecto establecer ás condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento da formación práctica, en centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, polo alumnado dos centros educativos CIFP Ánxel Casal - Monte Alto e o ES Ricardo Mella que curse o título de Técnico/a Superior en Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear. Todo iso no marco do previsto na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, que establece no artigo 3.1.g) que o sistema de formación profesional se desenvolve, entre outros, conforme o principio de participación das empresas e os axentes económicos e sociais no deseño, no desenvolvemento, e avaliación e innovación da formación profesional, asegurando o circuíto de transferencia de coñecemento formación-empresa e o interese público; e no artigo 3.1.b) do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

Segunda.- Características do proxecto de formación dual a desenvolver

Os proxectos de formación profesional dual recollidos neste acordo con códigos C2024014801 no CIFP Ánxel Casal - Monte Alto e C2024000901 no IES Ricardo Mella teñen as seguintes características:

- a. Toman como referencia as ensinanzas reguladas no Decreto 75/2016 do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico/a Superior en Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.
- b. Coa finalidade de satisfacer a crecente necesidade que se está a producir en todos os ámbitos produtivos para que as persoas conten con destrezas de comunicación específicas do sector profesional, este proxecto terá carácter plurilingüe. O alumnado participante, ademais de realizar a formación establecida na alínea anterior, deberá cursar os módulos formativos de Lingua estranxeira profesional que se establecen no plan de formación deste proxecto.
- c. Terá como duración desde o 01/09/2024 ata o 31/08/2026.
- d. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e o Servizo Galego de Saúde garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos para as ensinanzas conducentes á obtención do título de Técnico/a Superior en Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear. O Servizo Galego de Saúde responsabilizarase da formación do alumnado no 44% das horas que integran o currículo das ensinanzas deste proxecto.
- e. Ademais, atendendo ás características do Servizo Galego de Saúde, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado, nos centros asistenciais que se determinen, á formación complementaria á establecida nos currículos das ensinanzas correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e a mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.
- f. Para o curso 2024/2025 a incorporación do alumnado será a partir do 22/04/25 ata 31/07/25 e no curso 2025/2026 do 9/02/26 ata 31/07/26.

Terceira.- Réxime financeiro

Para o financiamento dos gastos derivados deste acordo prevese un crédito de setecentos corenta e un mil setecentos noventa e catro euros con oito céntimos (741.794,08 €), dos que douscentos sesenta e catro mil trescentos dez euros con sesenta e catro céntimos (264.310,64€) financiaranse con cargo aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2025 e catrocentos setenta e sete mil catrocentos oitenta e tres euros con corenta e catro céntimos (477.483,44 €) financiaranse con cargo á partida orzamentaria que corresponda dos orzamentos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2026, condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado e suficiente nos ditos orzamentos.

APLICACIÓN ORZ.	DESCRICIÓN	IMPORTE 2025	IMPORTE 2026	TOTAL
1501/412A/131	LABORAL TEMPORAL	41.025,60	74.113,73	115.139,33
1505/412A/131	LABORAL TEMPORAL	18.233,60	32.939,43	51.173,03
1571/412A/131	LABORAL TEMPORAL	31.908,80	57.644,01	89.552,81
2701/412A/131	LABORAL TEMPORAL	27.350,40	49.409,15	76.759,55

3201/412A/131	LABORAL TEMPORAL	22.792,00	41.174,29	63.966,29
3601/412A/131	LABORAL TEMPORAL	41.025,60	74.113,73	115.139,33
3603/412A/131	LABORAL TEMPORAL	18.233,60	32.939,43	51.173,03
TOTAL CONCEPTO 131	LABORAL TEMPORAL	200.569,60	362.333,77	562.903,37

APLICACIÓN ORZ.	DESCRICIÓN	IMPORTE 2025	IMPORTE 2026	TOTAL
1501/412A/160	COTAS SOCIAIS	13.037,94	23.553,34	36.591,28
1505/412A/160	COTAS SOCIAIS	5.794,64	10.468,15	16.262,79
1571/412A/160	COTAS SOCIAIS	10.140,62	18.319,27	28.459,89
2701/412A/160	COTAS SOCIAIS	8.691,96	15.702,23	24.394,19
3201/412A/160	COTAS SOCIAIS	7.243,30	13.085,19	20.328,49
3601/412A/160	COTAS SOCIAIS	13.037,94	23.553,34	36.591,28
3603/412A/160	COTAS SOCIAIS	5.794,64	10.468,15	16.262,79
TOTAL CONCEPTO 160	COTAS SOCIAIS	63.741,04	115.149,67	178.890,71
TOTAL		264.310,64	477.483,44	741.794,08

Cuarta.- Plan de formación

As concrecións deste proxecto de formación profesional dual para a ensinanza de Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear (distribución da formación curricular da ensinanza e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas nos plans de formación que se anexan a este acordo.

Quinta.- Lugar de realización das prácticas

A prácticas obxecto deste acordo desenvolveranse nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde, no ámbito das súas competencias, poñan ao dispor do CIFP Ánxel Casal - Monte Alto e do IES Ricardo Mella para tal fin.

O Servizo Galego de Saúde facilitará a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos proxectos formativos de prácticas. En cada centro asistencial ou unidade administrativa onde se vaian a realizar as prácticas fixarase un plan de formación específico, acorde cos contidos e obxectivos adaptado ao currículo do ciclo formativo correspondente o título de Técnico/a Superior en Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.

A utilización dos devanditos recursos e dispositivos asistenciais polo alumnado non afectará de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros e servizos dependente do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo o alumnado respectará en todo momento a vida profesional da organización á que se incorpora, especialmente, ás persoas coas que establecen relación e aos recursos que utilicen.

Sexta.- Número máximo de alumnado

O Servizo Galego de Saúde comprométese a acoller nas súas instalacións un mínimo de 44 alumnos e alumnas, para este proxecto de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O Servizo Galego de Saúde colaborará coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade das persoas candidatas en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. A empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal do Servizo Galego de Saúde xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a empresa se compromete a acoller nas súas instalacións.

Sétima.- Compromisos que asume a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a:

- a) Comunicar coa debida antelación ao Servizo Galego de Saúde os datos que permitan identificar o alumnado que realizará a formación práctica obxecto do presente acordo.
- b) Velar para que a utilización de recursos e dispositivos asistenciais aos que teña acceso o alumnado na realización das prácticas, non afecte de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros ou servizos dependentes do Servizo Galego de Saúde, así como para que respecten en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan e, especialmente, ás persoas coas que establecen relación e os recursos que utilicen.
- c) Adoptar as medidas necesarias para garantir que o alumnado acate as normas propias do centro ou do servizo de acollida. Con todo, a realización das prácticas axustarase ao plan de formación específico titorizado que, previamente ao seu comezo, se deseñe para o alumnado.
- d) Expedir os certificados acreditativos do seu labor de tutorización aos profesionais responsables das titorías de prácticas.
- e) Organizar e coordinar actividades de formación para os responsables das titorías de prácticas que faciliten o intercambio de experiencias entre os/as profesionais da sanidade e o profesorado de Formación Profesional, intensificando canles de colaboración.

- f) Facilitar a participación das persoas responsables das titorías naqueles cursos, congresos, xornadas etc., organizados polos departamentos responsables da docencia vinculada ás prácticas, que supoñan unha posibilidade de mellora do desenvolvemento das prácticas.
- h) Solicitar ao alumnado a certificación negativa de delitos sexuais non caso de realizar prácticas con menores, informando ao Servizo Galego de Saúde.

Oitava.- Compromisos que asume o Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde comprométese a:

1. Informar a todas as institucións correspondentes e aos seus profesionais das características deste acordo, apoiando a súa integración na realización das prácticas.
2. Poñer en coñecemento da representación legal das persoas traballadoras os acordos de cooperación educativa ou formativa que contemplan a contratación formativa, incluíndo a información relativa aos plans ou programas formativos individuais, así como aos requisitos e as condicións nas que se desenvolverá a actividade de titorización.

Así mesmo, no suposto de diversos contratos vinculados a un único ciclo, certificado ou itinerario, o Servizo Galego de Saúde deberá trasladar á representación legal das persoas traballadoras toda a información da que dispoña respecto diso das devanditas contratacións.

Todo o anterior, de acordo co previsto no artigo 11.5. do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

3. Posibilitar na medida das necesidades e recursos de cada momento, e sempre supeditado ás necesidades asistenciais, a liberación de parte do horario laboral daqueles profesionais que colaboren non programa de prácticas, para que poidan participar en actividades de formación relacionadas coas tarefas profesionais habituais ou para un mellor desenvolvemento das actividades prácticas.
4. Valorar, para os efectos oportunos no currículo persoal, as horas anuais correspondentes ás tarefas de titoría nas prácticas, conforme á acreditación que outorgará a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
5. Ofrecer as condicións necesarias para recibir ás persoas que vaian realizar as prácticas, comprometéndose a propiciar ou óptimo desenvolvemento do programa de prácticas que se defina, facilitando ao alumnado os medios e recursos dos que dispoñen, así como a favorecer a implicación do persoal sanitario e non sanitario que traballe nas funcións de titoría e coordinación das prácticas que lles compete realizar.

6. Facilitar a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para ou cumprimento dos plans formativos que en cada caso se establezan, de maneira que ou alumnado poida realizar adecuadamente as prácticas.

Novena.- Uso de instalacións do Servizo Galego de Saúde

O alumnado que realice as prácticas ao amparo deste acordo poderá utilizar as instalacións e servizos das bibliotecas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, incluíndo os servizos e prestacións da biblioteca virtual (Bibliosaúde), nas mesmas condicións que ou persoal da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Décima.- Seguros

A Consellería de Sanidade e ou Servizo Galego de Saúde non se fan responsables dos danos que o alumnado puidese ocasionar durante a realización destas prácticas, a persoas ou bens, debendo responder destes a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Durante o período formativo no centro educativo, os alumnos serán beneficiarios do Seguro Escolar, sempre que non superen os 28 anos de idade. Durante o período formativo nos centros e unidades do Servizo Galego de Saúde estarán protexidos polo Réxime Xeral da Seguridade Social como asimilados aos traballadores por conta allea.

Ao mesmo tempo a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional disporá dunha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para cubrir as continxencias que se poidan producir como consecuencia da realización das prácticas.

A ausencia ou a non adecuada acreditación destes seguros supoñerá a imposibilidade de realización das prácticas.

Undécima.- Vinculación laboral

As prácticas externas de carácter formativo estarán axustadas á formación e á competencia do alumnado e ou seu contido non poderá dar lugar, en ningún caso á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo, nin xerará vínculo laboral nin contractual coa Consellería de Sanidade nin co Servizo Galego de Saúde.

Duodécima.- Inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas externas baixo a aplicación do presente acordo.

1. A realización de prácticas externas ao amparo do presente acordo determinará a inclusión no Sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.

2. O cumprimento das obrigacións da Seguridade Social corresponderá ao Servizo Galego de Saúde, que asumirá a condición de empresario e deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que lle facilite a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
3. A cotización da Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima terceira do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, relativa a "*Cotización á Seguridade Social dos contratos formativos en alternancia*".
4. O Servizo Galego de Saúde garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada uns dous alumnos/as que, en base a este acordo, sexan autorizados para a realización de prácticas nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde pon ao dispor para tal fin.
5. Esta cláusula será de aplicación para todo o alumnado que realice prácticas externas ao amparo deste acordo a partir do 1 de xaneiro do 2025.

Décimo terceira.- Certificación negativa de delitos sexuais

En cumprimento do artigo 57.1 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, os centros e institucións sanitarias da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde esixirán ao alumnado de calquera nivel formativo que realice prácticas externas, a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuente Sexuais nos mesmos termos que ao seu persoal.

Correspóndelle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional solicitar ao alumnado a citada certificación negativa.

Décimo cuarta.- Dereito á dignidade e intimidade dos/as pacientes

Na Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro, publícase o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polo alumnado e o persoal residente en Ciencias da Saúde. (Boletín Oficial do Estado do 6 de febreiro 2017).

No momento da súa incorporación, o alumnado deberá ser informado deste protocolo e asinarán un compromiso de confidencialidade segundo o modelo establecido na Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro.

Este protocolo baséase en todas as normas xurídicas vixentes relacionadas co dereito á intimidade das persoas e fai referencia, entre outros, aos seguintes termos:

1. Identificación do alumnado en prácticas

Segundo o establecido no dito protocolo, o alumnado debe de estar correctamente identificado. A dirección do centro sanitario facilitaralle unha tarxeta identificadora que levarán en lugar visible.

As persoas pacientes teñen dereito a saber que hai alumnado en formación presente no seu proceso asistencial e requirirase o seu consentimento verbal, que se reiterará se se realiza algún tipo de exploración física, procedemento clínico ou intervención con fins formativos.

No caso de que o/a paciente se negue expresamente, o persoal en formación non estará presente no proceso de atención asistencial.

Salvo supostos especiais consentidos polo/a paciente, durante os actos clínicos que se realicen en presenza do/da mesmo/a, non deberán estar presentes máis de tres alumnos/as por paciente.

2. Acceso aos datos clínicos

Os/as alumnos/as, salvo consentimento expreso do/da paciente, só poderán acceder ao contido das historias clínicas previa disociación dos datos clínicos dos persoais, para garantir o seu anonimato, ou a historias clínicas simuladas polo/a responsable de docencia a fin de garantir que a aprendizaxe derivada das mesmas se realiza respectando a intimidade e confidencialidade dos datos de saúde.

Este dereito de acceso límtase ao coñecemento dos datos contidos nas historias clínicas, e non dispoñerán en ningún caso de usuario de acceso aos sistemas de información do Servizo Galego de Saúde.

A realización de traballos fin de grao que impliquen no seu desenvolvemento o acceso a pacientes ou usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, ás súas mostras biolóxicas ou aos seus datos de carácter persoal, deberán cumprir cos requisitos ético-legais aplicables á investigación biomédica en España e obter os informes e autorizacións que lles sexan de aplicación segundo o tipo de estudo. Tamén deberán axustarse á Instrución 2/2020 relativa ao protocolo para o tratamento de datos de saúde en estudos de investigación biomédica (Resolución do 10 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade).

3. Deber de confidencialidade/secreto

O alumnado está sometido ao deber de confidencialidade/secreto, non soamente durante a estancia no centro sanitario no que se estean formando, senón tamén unha vez concluída esta, sen que o devandito deber se extinga polo falecemento do/da paciente.

O deber de confidencialidade afecta tanto os "*datos íntimos*" como aos datos biográficos do/da paciente e a súa contorna, cuxo coñecemento por terceiras persoas poida afectar os dereitos da persoa obxecto de tratamento.

O deber de confidencialidade/secreto non soamente se refire aos datos contidos na historia clínica do/da paciente senón tamén aos que se teña acceso mediante comunicación verbal, gravacións, vídeos, os contidos en calquera tipo de arquivo informático, electrónico, telemático ou rexistro público ou privado, incluíndo os referidos ao grao de discapacidade e información xenética.

O alcance do deber de confidencialidade esténdese tamén a calquera outro dato de carácter persoal, non só dos/das pacientes cos/as que trate senón de calquera paciente, profesional ou terceiras persoas das que puidesen chegar a coñecer os devanditos datos.

Por último, o deber de confidencialidade abarca tamén a calquera outra información que o alumnado puidese chegar a coñecer durante o seu período de prácticas, aínda que non sexan datos de carácter persoal. Moitos dos elementos aos que terán acceso poderán afectar á seguridade das instalacións ou dos sistemas de información, afectar os intereses lexítimos de terceiros e tamén poden estar protexidos por dereitos de propiedade intelectual, patentes ou semellantes. Por tanto non poden ser revelados ou utilizados sen autorización expresa do Servizo Galego de Saúde.

4. Rexistro do alumnado

Os centros dispoñerán dun libro rexistro de alumnos/as en formación que cumprirá os requisitos establecidos na lexislación en materia de protección de datos para a creación de ficheiros que conteñen datos persoais. Neste rexistro envorcaranse anualmente os datos citados e a anotación relativa a que se subscribiu o compromiso individual de confidencialidade.

Décimo quinta.- Dereitos e deberes do alumnado en prácticas

Os dereitos e deberes do alumnado que acceda ás prácticas, serán os previstos na artigo sexto da Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, no artigo 153 do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, nas Normas de Organización e Funcionamento dos centros educativos e os establecidos neste acordo.

O incumprimento por parte do alumnado, dos seus deberes ante o Servizo Galego de Saúde, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumnado en prácticas.

O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos no plan de formación, así como ao acatamento das normas propias do centro ou servizo de acollida. Aplicarase con dilixencia ás tarefas encomendadas e gardará sxiilo sobre as tarefas que estean a

realizar durante o seu período de prácticas así como unha vez que este finalice, de acordo co sinalado na cláusula anterior deste acordo.

Décimo sexta.- Perda do dereito á realización das prácticas

Un alumno ou alumna poderá perder o dereito á realización das prácticas nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde por algún dos seguintes motivos:

- a) Baixo grao de aproveitamento.
- b) Falta de asistencia non xustificada.
- c) Interferencia co labor asistencial do centro.
- d) Acceso a áreas ou zonas do centro para as que non estea autorizado.
- e) Causar intencionadamente danos ás persoas, instalacións e/o bens durante a realización das prácticas.
- f) Calquera outro comportamento ou actuación dunha gravidade asimilable aos anteriores.

A declaración da perda do dereito á realización das prácticas requirirá da tramitación do seguinte procedemento:

1.- Inicio

O procedemento iniciárase mediante acordo da persoa responsable do centro no que se integre a unidade na que o/a alumno/a estaba a realizar as prácticas.

Para a elaboración deste acordo deberá solicitarse, como mínimo, informe a cada persoa que exerza a función de titoría do alumna ou do alumno de que se trate. Así mesmo, poderán solicitarse outros informes que se consideren necesarios para o esclarecemento das circunstancias que, no seu caso, poidan dar lugar á perda do dereito á realización das prácticas.

2.-Trámite de audiencia

Realízase nos termos establecidos no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.- Elaboración da proposta de resolución por parte da persoa titular do centro do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade.

Para a elaboración da proposta de resolución poderanse ter en conta as alegacións e o resultado das probas que, no seu caso, propoña a alumna ou o alumno de que se trate, durante o trámite de audiencia, así como aquelas que poida acordar a persoa titular do centro.

4.-A proposta de resolución do procedemento remitirase á Comisión Mixta de seguimento do acordo, regulada na cláusula vixésimo terceira, que será a competente para ditar a resolución que poña fin ao procedemento.

A resolución da Comisión Mixta poderá ser recorrida en alzada ante o Conselleiro de Sanidade, cuxa resolución poñerá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo Sétima.- Formalización de contratos en alternancia

O Servizo Galego de Saúde formalizará con cada alumno ou alumna un contrato de traballo para a formación en alternancia, regulado no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, no que se determinan os aspectos laborais, os aspectos formativos e as normas de Seguridade Social do contrato para a formación en alternancia.

Sen prexuízo do establecido na normativa que regula os contratos de formación en alternancia, ao alumnado coa condición de persoa traballadora de Servizo Galego de Saúde seralle de aplicación a normativa, así como ás disposicións de réxime interno, aplicable ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde en relación a horarios, vacacións, normas de convivencia, etc., respectando sempre o definido nelas.

De acordo co previsto no artigo 11.4.c) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, c) o contrato, que deberá formalizarse por escrito, incluírá obrigatoriamente o texto do plan formativo individual ao que se refiren os apartados 2. b), c), d), e), g), h) e k) e 3.e) e f) do dito artigo, no que se especifiquen o contido das prácticas ou a formación e as actividades de titoría para o cumprimento dos seus obxectivos. Igualmente incorporará o texto deste acordo.

Décimo oitava.- Calendario

O alumnado adquirirá formación no centro educativo segundo o calendario establecido no plan de formación e no horario lectivo que se determine.

Décimo novena.- Horario

Durante o período formativo nos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde no que o alumnado realice a súa formación práctica, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral do centro asistencial no que o alumnado estea a desenvolver a súa formación práctica, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Vixésima.- Vacacións

O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estada no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o

mínimo establecido, que determinará o Servizo Galego de Saúde no período de estadía do alumnado nas súas instalacións.

Vixésimo primeira.- Formación en riscos laborais

Consonte o establecido na disposición adicional segunda da Orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 15 de xaneiro de 2020, pola que se establece o procedemento para a expedición da certificación da formación de nivel básico en Prevención de Riscos Laborais para o alumnado dos ciclos formativos de formación profesional inicial da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de xaneiro), o alumnado deste proxecto dispoñerá da certificación da formación de nivel básico en prevención de riscos laborais con anterioridade ao período de formación na empresa, sempre que a correspondente formación se inclúa no programa formativo previo ao período de estadía do alumnado na empresa.

Vixésimo segunda.- Titorías

De acordo co previsto no artigo 84.2 da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo e o artigo 11.2.d do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, os centros asistenciais do Servizo galego de Saúde nos que realice a súa formación práctica o alumnado deben contar cun/cunha profesional coa formación e experiencia axeitada, con elevadas competencias técnicas, alto coñecemento da organización e funcionamento da empresa, competencias pedagóxicas e dedicación horaria suficiente, en condición de titor ou titora.

A persoa que exerza a titoría nos devanditos centros, será responsable do seguimento do acordo para a actividade formativa anexo ao contrato de formación en alternancia suscrito con cada alumno/a, da coordinación da actividade laboral coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación. Ademais, deberá elaborar, cando finalice a actividade laboral da persoa traballadora, un informe sobre o desempeño do posto de traballo.

O centro educativo designará un/unha profesor/a ou formador/a como titor/a responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os/as tutores/as que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora co Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento da actividade formativa e laboral establecida no contrato, coa que debe coordinarse en todo aquilo que proceda para o adecuado desenvolvemento e execución da formación do alumnado.

Vixésimo terceira.- Comisión mixta de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación profesional e coordinación co sistema produtivo.
- A persoa titular das direccións dos centros educativos.
- Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretario ou secretaria.

En representación do Servizo Galego de Saúde:

- Dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde.

Vixésimo cuarta.- Vixencia e modificación

O acordo entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto. Non entanto, as partes acordan que os seus efectos sexan retroactivos dende o 1 de setembro de 2024, consonte co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O acordo poderá ser modificado a proposta da Comisión Mixta de Seguimento do acordo e previo acordo das partes.

Vixésimo quinta.- Extinción e causas de resolución

Este acordo extinguirase pola finalización do tempo convido e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á(s) outra(s) cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou do Servizo Galego de Saúde.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste acordo.
- d. Mutuo acordo entre as partes asinantes.
- e. Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- f. Por decisión xudicial que declare a nulidade do contrato.

Vixésimo sexta.- Natureza xurídica do acordo, réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, e encádrase dentro dos medios e instrumentos que o artigo 10 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, prevé para facer efectiva a colaboración entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndo, segundo o disposto no artigo 14 da devandita ley, un acordo de colaboración ou cooperación para o desempeño conxunto de tarefas comúns.

Os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, de acordo co disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, así como pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

Ás cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seralles de aplicación o establecido no artigo 18 da dita Lei 14/2013, de 26 de decembro.

Vixésimo sétima.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste acordo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo con o disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este acordo será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

**O conselleiro de Educación, Ciencia Universidades
e Formación Profesional**

O conselleiro de Sanidade

Román Rodríguez González

Antonio Gómez Caamaño

ANEXO

PLANS DE FORMACIÓN